

RESOLUCIÓN

ASUNTO: PARALIZACION ACTIVIDADE CAMPAMENTO

EXPEDIENTE:2021/G003/000341

ANTECEDENTES:

Visto que o Campamento Concilia Cariño&, verán 2021, se desenvolve no período comprendido entre o 5/07/2021 e o 27/08/2021.

Visto o informe da Educadora familiar de data 05/08/2021 que di:

Con data 03 de Agosto de 2021, se nos notifica que unha menor asistente ó campamento de conciliación é contacto estreito dun positivo COVID. Mentres agardábase polos resultados das probas realizadas e as indicacións pertinentes do SERGAS, decidiuse como medida preventiva por parte do concello, paralizar a actividade dende o 4 ata o 6 de Agosto inclusive. Compre considerar que os participantes que pertencen ó grupo burbulla no que se detectou o positivo, deberán gardar illamento domiciliario ata realizar os controis pertinentes, polo que non poderán participar na actividade ata que o servizo de saúde llo comunique.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Paralizar a actividade do campamento Concilia Cariño, verán 2021, dende o día 04/08/2021 ata o 06/08/2021, ámbolos dous inclusive, como medida preventiva por parte do Concello fronte ao COVID.

SEGUNDO: Publicar a presente resolución na páxina web municipal.

En Concello de Cariño, 5 de agosto de 2021

O Alcalde

José Miguel Alonso Pumar

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal
www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)